

«Escoitei moito a Vivaldi, pero tamén a Neil Young»



B. R. Sotelino VIGO/LA VOZ. [CULTURA](#)

O autor de «Settecento» fixo unha novela histórica a ritmo de concerto barroco

31 maio 2010.

Marcos Calveiro naceu en Vilagarcía en 1968, pero reside en Vigo desde os once anos e creceu no barrio de Teis, onde aínda vive, «e iso imprime carácter», recoñece, o que quere dicir que é vigués-vigués. O autor, de profesión avogado, debutou na literatura hai catro anos baixo a etiqueta de escritor de obras para público xuvenil con **Sari, soñador de mares**. Despois chegou **Rinocerontes e quimeras**, e logo diso gañou o Premio Ala Delta de literatura infantil e xuvenil con **O carteiro de Bagdad**. Pero non tardou en desfacerse de selos que non serven máis que para excluír lectores.

Tralo seu exitoso debut adulto con **Festina lente**, retorna polos sendeiros da historia con **Settecento**, ao tempo que coincide nas librerías co lanzamento de **O pintor do sombreiro de malvas** (Premio Lazarillo 2009). «Eu publico a pares», chancea.

-Vivaldi é o artellador do argumento de «Settecento». ¿Como xurdiu facelo protagonista?

-Foi froito da casualidade. Lin un artigo dun musicólogo que falaba dos galeóns que chegaban a Venecia carrexando as madeiras que logo empregaban os lutieres e contaba que había verdadeiras pelexas por conseguir as mellores madeiras. Quedeime con esa idea e a novela realmente nace desa imaxe dos lutieres. E logo, tirando do fío, pensei que unha historia ambientaba en Venecia precisaba de música, da que eu tecnicamente non teño nin idea, aínda que son un gran melómano. A min gústanme moito o barroco e Vivaldi, que ademais ten un concerto para gaita e zanfona, aínda que fora falsificado, que daquela xa había piratería. Era habitual aproveitarse e editar partituras adxudicándoas ao nome famoso dun autor.

-¿Todos os personaxes que aparecen na novela son reais?

-Hai algúns reais aos que lles mantiven o nome, como Casanova de rapaz, e outros aos que llo mudei, como o autor teatral Carlo Goldoni, que aquí é Tortoni... pero o fundamental foi a música,

porque a novela está estruturada como un concerto barroco nos seus catro movementos: **allegro, adagio, presto e finale**, e na escrita tentei manter ese ritmo que vai de lento a lixeiro ata o final vivaz.

-É doado imaxinalo escribindo e escoitando a Vivaldi todo o tempo, ¿non?

-Si. Escoitei moito barroco e moito Vivaldi, sobre todo as óperas, que son a súa faceta menos coñecida; pero tamén escoitei moito a Neil Young, e temas como o **Favourite Things** de John Coltrane.

-A obra ten detrás un importante traballo de documentación...

-Si. Eu coñecía datos, pero claro, había que afondar. Eu pásoo moi ben con esa parte previa da escrita porque gozo moito coa lectura. Estudei biografías de Vivaldi, de Goldoni, libros sobre o teatro do século, a Venecia da época a través das crónicas de viaxeiros ingleses e franceses que andaban por alí... Eu ademais é que non coñezo Venecia. Nin me atraía sequera. Agora si.

-Pero a historia tamén chega ata Santiago de Compostela

-E que un dos protagonistas da novela fai un periplo Venecia-París-Santiago, e remata cun pequeno McGuffin en relación cun Stradivarius que aparece na catedral de Santiago de Compostela. Hai que descubrir o misterio lendo as dúas últimas liñas novela. Eu non o vou facer, ¡claro!

-Poderíase dicir que «Settecento» é unha recreación da vida de Vivaldi?

-Non. É unha novela coral na que aparecen máis dunha ducia de personaxes e todos teñen relación con Vivaldi, pero realmente é unha historia de amor, traizón, culpa e redención final. O tema é o amor, a procura da beleza e as máscaras que todos nos poñemos todos os días cando nos erguemos pola mañá para saír á rúa.

-Parece que hai medo ou falta de imaxinación na literatura galega para abordar temas que saian de Galicia, ¿non?

-Hai moitos prexuizos. Tamén parece que se escribes unha novela xuvenil ten que estar protagonizada por rapaces, e non ten por que. E se escribes en galego tes que referirte a un tema galego? Pois non. Podes escribir de calquera cousa, de calquera tempo, de calquera lugar. A min resúltame máis difícil escribir sobre o mais próximo, porque dache a posibilidade de fabular e de mentir. Gústame Cunqueiro e a súa capacidade de recrear mundos que nunca pisou.